

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE MAIO DE DOUS MIL DEZAOITO

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesiós Plenarias) réunese no día dezaoto de maio de dous mil dezaoto a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Sergio Saavedra Guitierrez do PSdeG- PSOE, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don Jose Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Manuel Javier Bacorrelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V), don Carlos Alberto Ameneiros Serantes de Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Asistidos da secretaria municipal, Carlota González Navarro e da interventora, Gema Leal Insua.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 20.04.18.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade pronunciose a favor da aprobación do borrador da acta citada.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 6/2018 MC SC-CE (SUPLEMENTO DE CRÉDITO – CRÉDITO EXTRAORDINARIO).

/Proposta ditaminada de xeito favorable pola comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa, en sesión de data 18.05.18/:

PROPOSTA DO ALCALDE:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO: NÚM. 6/2018 MC SC-CE FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito-crédito extraordinario co núm de expediente 6/2018 MC SC-CE.

- Aprobación do suplemento-dotación de crédito extraordinario nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total 135.000 €.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE DOTAR CRÉDITO	IMPORTE A DOTAR
160 629 00: Outros investimentos novo en outras infraestructuras para servizos de saneamento	20.000 €
161 629 00: Outros investimentos novos noutras infraestructuras para abastecemento de auga	10.000 €
333 632 00 : Inversións de rehabilitación de equipamentos culturais para dotar de accesibilidade os aseos da Casa da Cultura	10.500 €
342 632 00 (Pavillón) 342 629 00 (Cancha da Frouxeira)	5.000 €
453 619 00 Outra inversión en infraestructuras destinadas ao uso xeral , camiños veciñais (AGADER)	10.000 €
453 619 00 Outra inversión en infraestructura destinada ao uso xeral ; reparacións-melloras de camiños varios con necesidades inminentes	20.000 €
933 632 00 Execución de campo de fútbol de herba artificial en campo de fútbol municipal de Mourente, anualidade 2018	59.500
Total	135.000 €

- Financiamento procedente de RTGX

FINANCIAMENTO	RTGX
---------------	------

870 00 Remanente de Tesoureiría para gastos xerais	135.000 €
--	-----------

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Toda vez as actuacións que se pretende financiar considéranse inversións financeiramente sustentables, visto o informe elaborado pola Interventora municipal en data 14.05.2018, toda vez non existen documentos técnicos nin informes, nin memorias económicas que avalen o dito carácter, a aprobación de investimentos sustentables e polo tanto a aprobación definitiva da modificación orzamentaria quedará condicionada a acreditación no expediente do carácter sustentable de todas as actuacións, salvo a referida a dotación de herba artificial do campo de fútbol de Mourente, na que somentes é necesario incorporar informe técnico referido a non variación das consideracións feitas no expediente tramitado para dita obra no POS PLUS 2017. Igualmente considérase necesario someter o expediente a información pública previamente a aprobación con carácter definitivo e condicionada ao indicado.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, sendo cumprido o condicionante, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Valdoviño, 14 de maio de 2018
O Alcalde
Alberto González Fernández”

O Sr. Alcalde sinala que xa se explicou esta proposta na comisión informaiva. Destaca que pretenden poñer en funcionamento o bombeo da Cubeta e facer o tramo de saneamento en Outeiro, tamén tramos de rede de auga e investimentos en Cultura.

Explica a interventora, Sra. Leal Insúa que son investimentos sustentables e que se traen condicionados porque se precisa dar un prazo de alegacións, antes da aprobación definitiva.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría acordou aprobar a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.
Votos a favor dos grupos municipais: PSdeG-PSOE; CENVAL, U POR V e BNG.
Abstención do grupo PP.**

3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZO MEDIANTE CONCESIÓN PARA A EXPLOTACIÓN DO CAMPING MUNICIPAL: ACORDO SOBOR DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

/Proposta ditaminada favorablemente por comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa, en sesión de data 18.05.18/:

“EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO CAMPING MUNICIPAL: RATIFICACIÓN DA CONTINUACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E RATIFICAR A POSIBILIDADE DE SUBSANAR OS ERROS NA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO PROPOSTO COMO ADXUDICATARIO AOS EFECTOS DE ADXUDICAR O CONTRATO

Na sesión do Pleno de carácter extraordinario e urxente que se celebrou en data 12.03.18, elevouse proposta, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en sesión deste día 12.03.18, celebrada previamente a esta sesión plenaria en referencia á adxudicación do contrato de explotación do camping municipal e requerimento de documentación previa co seguinte contido literal referido aos antecedentes que constaban no expediente de contratación;

“O Pleno da Corporación de Valdoviño en sesión do 16 de xuño de 2017 acordou a aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación da xestión do servizo público de camping municipal de 2ª categoría e os servizos auxiliares a él , na modalidade de concesión, e convocar a súa licitación; aprobando para elo o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas, o anteproxecto de obra, o proxecto de explotación e o regulamento interno para rexer o citado contrato.

Dito contrato de xestión tamén conleva a execución dunha obra.

Valor estimado: 124.304,70€/ano X 10 anos duración contrato (+2 anos de posible prórroga)= 1.243.047,00€

Orzamento de licitación:

Valor estimado: 1.243.047,00€

Orzamento licitación: 1.367.351,70€

Prezo do contrato: A retribución do adxudicatario será a equivalente aos ingresos por recadación das tarifas, que se recibirán directamente dos usuarios do servizo e dos ingresos que reciba pola explotación da zona comercial (segundo se especifica n oprego).

Canón anual fixo a aboar ao Concello: 11.967,98€/anuais, mellorable a alza polos licitadores nas súas ofertas.

A licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 147 de 4.08.2017 facendose corrección de erros mediante anuncio no BOP nº 153 de 14 de agosto, debido a erro en arquivo publicado no perfil do contratante, abrindo novo prazo de presentación de ofertas a partir do seguinte a este último anuncio por prazo de 15 días naturais.

Recibiuse unha oferta co compromiso de constituirse en U.T.E, con:

SERVIZOS Y PROYECTOS VALDOVIÑO, S.L.
ELISEO CARBALLEIRA BASANTA
VIAXES NARÓN, S.L

A Mesa de Contratación, publicada a súa composición dando cumprimento ao artigo 146.1 do TRLCSP, celebrou as súas sesións para apertura sucesiva dos sobres (documentación Administrativa), sobres B (Oferta criterios non valorables mediante fórmula), sobre C (Oferta económica e criterios avaliados mediante fórmulas).

Resultando requeridos os ofertantes para emenda de documentación referida ao sobre “A”; que quedou subsanada; aínda que os criterios dos membros da Mesa non foi unánime.

Toda vez que a valoración dos criterios avaliados de forma automática é inferior á dos criterios de valoración e Visto o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 15), nomeouse un comité de expertos, composto de tres membros non integrados no órgano proponente do contrato para valoración da documentación técnica.

Celebrouse acto público no que se dá conta aos licitadores presentes da admisión na licitación da futura UTE e apertúranse os sobres B para finalmente entregar ao comité de expertos para análise da documentación que conteñen e para que elaboran informe con puntuación motivada; vinculante para a Mesa de Contratación.

O Comité de Expertos, emite o seu informe coa consideración final de que “Unha vez valorada a documentación aportada polos licitadores, a consideran suficiente para a contratación que nos ocupa, non obstante constan observacións no informe que se dan por aclaradas tras celebrarse sesión de Mesa de Contratación e de seguido acto público, no que os licitadores presentes realizan aclaracións respecto a súa oferta. Nesta mesmo acto público procedese á apertura do sobre C (resultando unha oferta cun canon de 18.000 euros anuais, impostos excluídos); sendo o canon anual fixo a aboar ao Concello 11.967,98€ anuais, mellorable á alza polos licitadores.

De seguido estúdiase a oferta en base a si ésta é desproporcionada ou anormal e conforme ao punto 18 do prego de cláusulas administrativas e tendo en conta a normativa (artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro e artigo 152 do TRLCSP9 a Mesa concede un prazo de tres días para xustificar a baixa aos licitadores e resolve remitir o estudo económico aos efectos de emisión de informe técnico de viabilidade da oferta presentada, sendolle tamén remitida a documentación xustificativa da baixa para o seu estudo.

A Mesa de Contratación en sesión do día 6 de marzo de 2018 toma coñecemento do informe técnico realizado polo técnico autor do estudo económico para a explotación do camping que considera tecnicamente viable a oferta presentada polas consideracións expostas no seu informe que consta incorporado ao expediente de contratación e por maioría FORMULA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN nesta súa última sesión (ante o órgano de contratación) a favor dos licitadores a constituírse en UTE (SERVIZOS Y PROYECTOS VALDOVIÑO, S.L; ELISEO CARBALLEIRA BASANTA Y VIAXES NARÓN, S.L) para o contrato de explotación do camping municipal: motivando a súa proposta en que a documentación dos licitadores é correcta (tralas aclaracións e subsanacións realizadas), en base aos informes técnicos e á oferta e estudo económico presentado.

Con base en todo elo, esta Alcaldía, PROPÓN AO PLENO DA CORPORACIÓN que é o órgano competente para a contratación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aceptar a proposta adoptada por maioría da Mesa para a adxudicación do contrato da Xestión do servizo público de camping municipal de 2ª categoría e os servizos auxiliares a él na modalidade de concesión á futura UTE (SERVIZOS Y PROYECTOS VALDOVIÑO, S.L; ELISEO CARABALLEIRA BASANTA Y VIAXES NARÓN, S.L a constituirse en UTE.*

SEGUNDO.- *Requerir ao licitador para que no prazo de 10 DÍAS HÁBILES (prazo recollido no apartado 13 do Anexo I do Cadro de Características) a contar dende o seguinte ao da recepción do requerimento presente a documentación precisa para a adxudicación do contrato, que se estipula no punto 21. (Adxudicación do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares.*

A garantía definitiva realizarase conforme se establece no punto 7.- Garantía do Anexo I do cadro de características.

De non cumprimentarse o requerimento no prazo sinalado e de non presentarse todos os documentos nese prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta.

TERCEIRO.- *Notificar o presente acordo ao licitador proposto como adxudicatario para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

CUARTO.- *De recepcionarse a documentación requerida ao licitador en prazo, e de presentarse completa e correcta, procederase a adxudicación do contrato; habilitando a estos efectos ao Sr. Alcalde para a realización dos actos precisos de dita adxudicación.*

Non entanto, o Pleno da Corporación, acordará o que estime máis convinte.”

Requerida a documentación ao proposto como adxudicatario, presentada a mesma en prazo e revisada polos servizos de intervención, emítese informe sobre a corrección da dita documentación e dase conta doutros defectos na tramitación do expediente.

Considerando necesario dar a posibilidade de subsanar os ditos defectos conforme se indica polos servizos xurídicos do dito concello, ao abeiro do establecido no TRLFL, toda vez urxe o comenzo dos traballos para poñer en funcionamento o camping no período estival, non sendo posible a adxudicación sen que sexan correxidos,
PROPONSE;

PRIMEIRO; Acordar continuar coa tramitación do expediente de contratación, dando a posibilidade de subsanar os defectos atopados na documentación presentada polo proposto como adxudicatario, no prazo de tres días hábiles, para o que deberá:

.- Constituir a garantía definitiva (aval), con duración indefinida (art. 56 do Regulamento de Contratación).

SEGUNDO; Notificar o presente acordo ao licitador proposto como adxudicatario e unha vez proceda a presentación da documentación subsanada se de por adxudicado o contrato e se habilite ao Alcalde do concello para a sinatura do contrato.

Valdoviño, 14 de maio de 2018
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”.

Indica o Alcalde que se trata dunha advertencia administrativa sobre a presentación do aval.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría acordou aprobar a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.
Votos a favor dos grupos municipais: PSdeG-PSOE; CENVAL, U POR V e BNG.
Abstención do grupo PP.**

4º.- RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE RECLAMACIÓN DA EMPRESA FCC, REFERIDA AO PREZO DO CONTRATO DE SERVIZO CO CONCELLO.

/Proposta ditaminada favorablemente por comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa, en sesión de data 18.05.18/:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EN REFERENCIA A RECLAMACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A., E ACORDO DE REVISIÓN DE PREZOS DO DITO CONTRATO.

Tras ser presentada en data 20.06.2012 (RE nº 2394), escrito pola empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A. (FCC SA), solicitude de revisión de prezos, que finalmente é resolta polo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 13.12.2013, non sendo interposto recurso de reposición contra o dito acordo pola empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

En data 02.02.2017 (RE 2017/361), e posteriormente en data 23.01.2018 (RE 2018/167) preséntanse sendos escritos pola empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A , solicitando que lle sexan recoñecidos e abonados importes que se reclaman en concepto de indemnización por danos causados debido a demora da adxudicación e desviación de custo de man de obra con respecto as previsións calculadas (variación do número de persoal a subrogar e variación das condicións e circunstancias dos servizos a prestar) .

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Municipal en data 24 de abril de 2018 no que conclúe o seguinte;

“ No consta, en esta Secretaría a mi cargo, ningún documento donde exista acuerdo de aprobación de un aumento del personal contratado con posterioridad a la fecha de licitación, por tanto, el Ayuntamiento no puede asumir el gasto derivado de ese aumento de personal a subrogar, ya que como queda de manifiesto en los pliegos de cláusulas administrativas particulares la relación de personal subrogado lo es con el adjudicatario y no con el Concello, debiendo en su caso, reclamar a la empresa que estaba prestando el servicio en el Ayuntamiento de Valdoviño hasta el comienzo de la concesión por FCC, por lo que en base a lo expuesto debe desestimarse la reclamación presentada por la adjudicataria”

A parte a empresa non presenta documentación xustificativa en referencia a demostración do desequilibrio producido.

Verificado que a cláusula terceira do contrato administrativo para a prestación de servizos suscrito entre o Concello de Valdoviño e a empresa FCC S.A. suscrito en data 25 de marzo de 2011 para a recollida de residuos sólidos urbanos establece;

““ Con el fin de asegurar el equilibrio económico de la concesión, se procerá a la actualización del canon del canon anual, conforme lo señalado en los artículos 77 y siguientes de la LCSP (hoy 89 y siguientes del TRLCSP). Una vez finalizado el plazo de un año y de conformidad con el artículo 77 de la LCSP, se podrá producir la revisión de precios del presente contrato, aplicándose, como índice de revisión, las alteraciones de hasta el 85% de la variación experimentada por el IPC Provincial, sufra durante la vigencia del contrato tomando como dato de referencia el IPC publicado por el INE en el mes de la firma del contrato conforme a las reglas de cálculo establecidas en el artículo 78.3 de la LCSP(hoy artículo 90.3 del TRLCSP)”

Constando no informe evacuado pola anterior interventora municipal (aos efectos da adopción do primeiro acordo de revisión de prezos o seguinte;

“A su vez el artículo 89.1 y 3 del TRLCSP, establece respecto a la procedencia y límites de la revisión de precios en los contratos de las administraciones públicas:

“1. La revisión de precios en los contratos de las Administraciones Públicas tendrá lugar, en los términos establecidos en este Capítulo y salvo que la improcedencia de la revisión se hubiese previsto expresamente en los pliegos o pactado en el contrato, cuando éste se hubiese ejecutado, al menos, en el 20 por 100 de su importe y hubiese transcurrido un año desde su formalización. En consecuencia, el primer 20 por 100 ejecutado y el primer año transcurrido desde la formalización quedarán excluidos de la revisión.

3.El pliego de cláusulas administrativas particulares o el contrato deberán detallar, en su caso, la fórmula o sistema de revisión aplicable.”

“..El artículo 90 del mismo cuerpo legal, establece, que cuando la revisión de precios resulte procedente, el órgano de contratación determinará el índice que deba aplicarse, atendiendo a la naturaleza de cada contrato y la estructura de costes de las prestaciones del mismo. Cuando el índice de referencia que se adopte sea el índice de precios al consumo elaborado por el INE o cualquiera de los índices de los grupos, subgrupos, clases o subclases que en él se integran, la revisión no podrá superar el 85 por 100 de variación experimentada por el índice adoptado.

3.- Las fórmulas que se establezcan reflejarán la ponderación en el precio del contrato del coste de los materiales básicos y de la energía incorporados al proceso de generación de las prestaciones objeto del mismo. No se incluirán en ellas el coste de la mano de obra, los costes financieros, los gastos generales o de estructura, ni el beneficio industrial.

El índice o fórmula de revisión aplicable al contrato será invariable durante la vigencia del mismo y determinará la revisión de precios en cada fecha, respecto a la fecha de adjudicación del contrato. Los índices reflejarán , al alza o a la baja, las variaciones reales de los precios de la energía y los materiales básicos observados en el mercado y podrán ser únicos para todo el territorio nacional o particularizarse por zonas geográficas.

4.- Solicitada por FCC la revisión de precios del contrato administrativo para la recogida de residuos sólidos urbanos, y conforme lo establecido en el TRLCAP y en el contrato administrativo suscrito, se plantea en primer término si procede la citada revisión. El artículo 89.1 párrafo segundo del TRLCAP, establece que : “ No obstante en los contratos de gestión de servicios públicos, la revisión de precios podrá tener lugar una vez transcurrido el primer año desde la formalización del contrato, sin que sea necesario haber ejecutado el 20 por 100 de la prestación.”. Las cláusula 1 y 2 del contrato administrativo suscrito , tipifican éste como contrato de gestión de servicio público, en la modalidad de concesión, por tanto desde este punto de vista procedería la revisión una vez transcurriese un año desde la formalización del contrato, producida el 25 de marzo de 2011.

5.- La primera fecha de revisión contractual a tener en cuenta sería a partir de abril del año 2012, y posteriormente abril del año 2013, utilizando para ello el IPC provincial de los meses de marzo de 2012 y 2013, mes de la firma del contrato. El importe máximo a aplicar sería según la legislación expuesta el 85% del IPC provincial...”

En base ao acordo adoptado por Xunta de Goberno Local en data 10.12.2013, estableceuse o prezo que actualmente se está a abonar a concesionaria. O dito acordo non foi reclamado pola empresa. En data 09.02.2018, emite informe a interventora actual na que deixa constancia do seguinte;

“O primeiro que quero indicar tras o informe transcrito é que queda pendente de actualizar as revisión de prezos dos períodos que transcurren entre;

- *Abril de 2014 ata marzo de 2015(segundo a metodoloxía do cálculo do IPC actual -1.5 %).*
- *Abril de 2015 ata marzo de 2016 (segundo a metodoloxía do cálculo de variación do IPC actual -2 %)*
- *Abril 2016 ata marzo de 2017 (segundo a metodoloxía do cálculo da variación do IPC actual 2,0 %)*

Verificados os porcentaxes de variación compróbase que algúns son de importe negativo, vista doutrina sobre a materia, procede a transcribirse parcialmente os fundamentos de dereito do acordo 41/2014 de 2 de setembro do Tribunal de Contratos Públicos de Navarra, en referencia a revisión de prezos;

“Previamente al examen de las cuestiones planteadas en la reclamación, debe hacerse ciertas consideraciones acerca de la revisión de precios. Esta figura jurídica, tal y como señala la Sentencia núm. 874/2005 de 24 junio, del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 3ª) “nace precisamente como una excepción a los principios de precio cierto y riesgo y ventura del contratista que constituyen la regla en los contratos administrativos, de tal manera que el Decreto-Ley 2/1964 y más tarde la LCAP de 1995 y el Texto Refundido actualmente en vigor, conciben la revisión de precios como una cláusula de estabilidad o equilibrio financiero del contrato que implica una garantía frente a la inestabilidad económica (vid Sentencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 17 de diciembre de 1987), de suerte que en los contratos de larga duración y volumen importante la prestación dineraria a favor del contratista no se vea perjudicada como consecuencia de la inflación”. En definitiva, esta institución surge como una garantía frente a los riesgos derivados de la inflación (o deflación), en aquellos contratos en los que, por su larga duración, pueda verse afectado el equilibrio económico a favor de alguna de las partes. Y decimos alguna de las partes porque, tal y como señala el reclamante, no se trata de una cláusula que actúe exclusivamente a favor del contratista, como una limitación al principio de riesgo y ventura que debe presidir la ejecución de los contratos administrativos, sino que también puede operar a favor de la Administración contratante. Así se desprende del artículo 120 de la LFCP, que contempla ambas posibilidades al señalar que “El importe de las revisiones se hará efectivo mediante el abono o descuento correspondiente en las certificaciones o pagos parciales o, excepcionalmente, en la certificación final o en la

liquidación del contrato cuando no hayan podido incluirse en dichas certificaciones o pagos parciales”.

Podemos concluir que non é unha cláusula que actúe exclusivamente a favor do contratista, como unha limitación ao principio de risco e ventura, se non que tamén pode operar a favor da Administración Contratante, e así se desprende do artigo 94 do TRLCSP (redacción idéntica a do artigo 84 da LCSP) que ao regular o pago da revisión establece:

“ El importe de las revisiones que procedan se hará efectivo , de oficio, mediante el abono o descuento correspondiente en las certificaciones o pagos parciales o, excepcionalmente, cuando no hayan podido incluirse en las certificaciones o pagos parciales, en la liquidación del contrato” .

En consecuencia corresponde efectuar revisión de precios ordinaria dos períodos indicados , correspondendo en consecuencia detraer a dita empresa importes da revisión a favor dos dous anos anteriores , máis o do número de cuotas abonadas no exercicio 2017 e 2018 a prezo máis elevado , establecendo o novo importe do canon, inferior ao actual.

En base ao indicado, esta alcaldía propón ao Pleno:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación da empresa de data 23.01.2018, visto o informe emitido pola Secretaria Municipal.

SEGUNDO: Acordar a revisión ordinaria de prezos do contrato, conforme se determina na cláusula terceira do contrato administrativo para a prestación de servizos suscritos entre o Concello de Valdoviño e a empresa FCC, en referencia aos períodos comprendidos entre Abril de 2014 e marzo de 2017 (conforme se establece en documentación anexa) e detraer a dita empresa os importes a favor do concello que derivan, descontando os mesmos dos próximos pagos a efectuar, conforme se determinaba no artigo 84 da LCSP.

TERCEIRO: Notificar a dita empresa o acordo adoptado.

En Valdoviño, a 14 de maio de 2018.

O Alcalde;

Asdo: Alberto González Fernández.”

Explica o Sr. Alcalde que a empresa presentou escrito sobre subrogación de traballadores e solicitou de novo revisión do prezo co IPC. A secretaría e a interventora entenden que non hai lugar a subrogación porque o concello non ten relación contractual co persoal da empresa e si procede a revisión do prezo segundo se especifica na proposta.

Explica a secretaría trala pregunta do BNG sobre subrogación de persoal que no prego sinalabase un número de persoas, cando se adxudicou había máis persoal e a empresa asumiu así o contrato.

Sometida a consideración a proposta de Alcaldía transcrita, resultou aprobada pola Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA, (EMITIDOS DENDE O 14/04/2018 AO 09/05/2018).

En virtude do estipulado no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos decretos emitidos dende o 14 de abril ao 09 de maio de 2018, que abarcan os números de 117 ao 151 ao obxecto de que os/as concelleiros/as teñan constancia do desenvolvemento da administración municipal, e aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos na LRBRL (Lei reguladora das Bases de Réxime Local).

O pleno tomou razón.

6º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.

Dáse conta ao Pleno do informe dos servicios económicos de data 30 de abril de 2018 sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 1º trimestre do ano 2018.

O pleno tomou razón.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comeza o Sr. González Fernández falando das bandeiras azuis, dicindo que evolucionaron o nivel de esixencia en canto a servizos e a actuacións (lembremos que xa nun dos mandatos anteriores incluso case non se pode celebrar a festa do Porto).

Que se trata dunha entidade privada que pon as súas normas, e conta con recoñecemento público; normas que son difíciles de xustificar.

No 2015-2016 enviaron inspección a Valdoviño; pediran daquela realizar obras, imposible da súa execución e se remitiu escrito dende a Alcaldía, e insistindo, conseguíuse ter as bandeiras. O pasado ano solcitáramolas, as concederon e nolas retiraron practicamente ao comezo, e non porque non houbera servizos; senón que se metían en competencias municipais (accesibilidade, fosas sépticas, aparcamentos...) con rigor excesivo.

Xustifica o feito de non pedilas este ano, polo exposto, porque di que sei ben as bandeiras supuxeron atraer moita xente, actualmente Valdoviño non pode cumprir coas esixencias. Matiza que non entanto, os servizos vanse manter igual, e incluso ampliando (as duchas están funcionando todo o ano, por exemplo).

O Sr. Ameneiros Serantes fai a reflexión de que se él fose Alcalde non pediría Bandeiras Azuíis, pero sí algún outro selo de calidade, para conquistar boa imaxe para Valdoviño, porque co que se vai quedar a xente é que Valdoviño perdeu as Bandeiras. Reitera o rogo de accesibilidade nas prais.

Informa o Sr. Alcalde de que está en conquistar unha enseña, pero non de carácter privado; de que a Deputación decidiu buscar un selo distintivo das prais da provincia. Ao respecto, indica o Sr. Ameneiros de que a Xunta debería tamén facer algo como fixo con “Galicia Calidade”.

Retoma o Sr. Alcalde a intervención recalcando que o ano pasado Valdoviño foi candidato coa praia Frouxeira, a praia de mellor accesibilidade. Engade que o seu grupo ten en mente facer un proxecto amplo de accesibilidade para a Frouxeira, incluíndo paseo e o mirador, e que se pensou para accesibilidade plena a praia da Mourillá, mellorando a rampla, polas súas condicións.

INTERVENCIÓN GRUPO BNG.- Sr. Ameneiros Serantes.

.-Itera o rogo de pedir dotar o Centro de Saúde, de Valdoviño, con algunha consulta pola tarde.

Sr. Alcalde.- Faremos unha petición conxunta, coma Pleno.

.- Roga que o Concello solicite ao Ministerio de Defensa a cesión de Campelo.

Sr. Alcalde.- Xa se traballou nese asunto.

INTERVENCIÓN GRUPO UNIDOS POR VALDOVIÑO.- Sr. Bacorelle Robles

.- Pregunta pola adxudicación da explotación do servizo da cafetería da praia da Frouxeira. Sr. Alcalde.- Non asistíche á sesión da Mesa de Contratación. A mellor oferta foi a de Antonio Castro Padín, pero ten que presentar a documentación precisa previa á adxudicación.

.- Pregunta se ao Concello lle chegou algunha sentenza da Unidade de Actuación nº 2 (pregunta que formulara en anterior sesión do Pleno)

Sr. Alcalde.- Non temos coñecemento de que se recibise.

.- Pregunta se o Concello vai ter subvención do 100% para o salvamento.

Sr. Alcalde.- Creemos que sí.

.- Pregunta pola actuación no campo de fútbol de Mourente.

Sr. Alcalde.- Pendente de aprobación pola Deputación.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- Sr. Beceiro Rodríguez.

.- Sinala, que en canto ás Bandeiras Azuis está na liña do exposto polo Sr. Ameneiros, porque sabendo da problemática nestes últimos anos, cómo non se fixo algo para visibilizar a Valdoviño? Que xa o ano pasado o grupo de goberno anunciou de axuda de 75.000 € da Deputación para socorrismo e que él pidiu que se invertira en praias.

Cre que houbo deisadez, e que non é bo que Valdoviño saia na prensa, por algo tan relevante, e que se actuou en adecentar casetas e parque, pero non en canto a accesibilidade e adecuación nas praias. Opina que a Frouxeira, non é tan accesible como di o Alcalde e crítica que a pasarela está chea de area.

Sr. Alcalde.- Limpase todos os anos á area da pasarela, e as nosas praias son praias vivas cun alto custo de mantemento. Invertiuse en praias e en actividades nelas. Pretendemos crear acceso á Frouxeira dende diversos camiños existentes, pero precisase facer obras tras un amplo estudo.

Sr. Rodríguez Fernández.- Costas, debería afrontar os custos. Outro problema é o das caravanas.

Sr. Alcalde.- Tratei iso coa Policía, hai que ordenar o aparcamento (convén en batería) e sinalizar.

Sr. Beceiro.- Precisan dun punto de auga e valeirado.

Sr. Alcalde.- En Pantín a Dirección Xeral da Natureza non permitiu poñelo, falamos de poñelo na zona do campo de fútbol.

Segue o Sr. Beceiro intervindo:

.- Hai que limpiar os bordillos dos aparcamentos das praias, se pintaron, sen antes limpalos.

.- Solicito se limpen os camiños (o camiño Real leva catro anos sen limpiarse).

.- Reitero o da parcelaria. Hai unha árbore caída en dominio público, no asfalto, agora talarono, pero quedou a couce.

Haberá que mandar escrito á parcelaria.

Sr. Vigo.- Eses camiños son agora municipais.

.- En canto ás informacións sobre as plantacións había que dalas con anterioridade e informar á xente da parcelaria.

Sr. Alcalde.- A modificación da Lei de Montes entrou en Xaneiro de 2018. A xente sabe que ten que limpar, En todas as reunións se informou e se aconsellou a xente de reunirse para traballar conxuntamente.

Sr. García Alonso.- En que concentracións parcelarias se pode plantar?

Sr. Alcalde.- Hai que distinguir as antigas e as novas contratacións. Existen dúbidas da propia Xunta, aínda que as distancias de plantacións se teñen que cumprir sempre. Tamén

distinguir que Lago e Meirás é concentración de monte e Sequeiro agrícola, con limitacións para forestal.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPL PP.- Sr. Vigo Lago.

.- Alegrome que entendades agora o das Bandeiras Azuís, pois no meu mandato criticastedesme moito cando en o explicaba.

/Nesta intre abandoa a sesión o concelleiro Sr. Ameneiros Serantes/.

Sr. Vigo.-

.-Traslado a preocupación de veciños de As Pallotas e Fornos polo tema de saneamento, queren saber cando estará listo.

Sr. Alcalde.- En canto podamos.

.- Hai algunha nova en canto ao parque eólico dos Penidos?

Sr. Alcalde.- Non teño coñecemento.

.- Comunicaron algo ao Concello sobre instalacións da fibra óptica? Dentro da central, están metendo equipos.

Sr. Alcalde.- Non sei.

.- Na estrada de Crecente aos Aleazos hai un badén considerable.

Sr. Vega e Sr. Alcalde.- Amañouse.

Sr. Vigo.- Ao que eu refiro, onte aínda estaba mal.

Sr. García Alonso.- Vaise subscribir convenio co Xunta para o tema de limpeza?

Sr. Alcalde.- Fixose limpeza das franxas secundarias. Se estableceron os viais e se remitiu á Xunta.

Sr. García Alonso.- Informase aos veciños?

Sr. Alcalde.- A información está cuberta por Lei, repartin bandos e informouse por parroquias.

Sr. García Alonso.- Imos contar con cuadrillas de limpeza?

Sr. Alcalde.- A través do Fondo de Compensación Ambiental.

Sr. García.- As duchas non funcionan todo o ano.

Sr. Vega .- Estiveron e están abertas. Só estiveron cortadas cando foi a sequía.

Sr. García Alonso.- Como está o das especies (plantas) invasoras “plumachos”?

Sr. Alcalde.- Avisamos á Xunta para que as retire.

Sr. García.- Debedes insistir.

Sr. Alcalde.- Xa o fixemos, enviade pois vos un escrito como grupo Partido Popular.

Sr. García Alonso.- Denuncio a existencia de chatarra en Sequeiro, en parcela sita preto do río; na zona de As Penas.

Sr. Vega- Comprobarase.

Sr. Rodríguez Fernández.- Sabemos algo de cando cesamos no mantemento do Centro de Saúde?

Sr. Alcalde.- Non sabemos. Fai dúas semanas a FEGAMP solicitounos información dos gastos. Este ano parece que queren facer algún trámite cos concellos, e Valdoviño podería ser un dos concellos.

Sr. Rodríguez.- O verquedoiro da Cha, débese recuperar si se pode, é propiedade municipal. Hai que comprobar e falar con Medio Ambiente.

Sr. Rodríguez.- Avanzouse co Planeamento?

Sr. Alcalde.- Estamos resolvendo.

Sr. Rodríguez.- Como está o trámite do deslinde municipal?

Sr. Alcalde.- Está o arquitecto municipal co deslinde con Moeche.

Sr. Rodríguez.- Rogo se repoña o cableado do alumeado público no lugar de Fornos.

.- Rogo se retiren os residuos das praias.

Rematan as intervencións dos grupos, e o Sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte e duas horas e vinte minutos, da que eu Secretaria estando a presente acta e CERTIFICO.

V. e Pr.

A secretaria,

O Alcalde,